



DATOS IDENTIFICATIVOS

Práctica Penal I

Materia	Práctica Penal I			
Código	O03M110V01105			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Ourense			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Virgilio			
Profesorado	Ferreira Rivera, Albino José Iglesias Canle, Ines Celia Pazos Alzugaray, Pilar Rodríguez Vázquez, Virgilio Salgado Carbajales, Fátima María Temes Montes, Jorge			
Correo-e	virxilio@uvigo.es			
Web	http://masteravogacia.webs.uvigo.es			
Descrición xeral				

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva
B3	Capacidade de argumentar e rebater ideas, aplicando un pensamento crítico e lóxico.
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
C4	Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber encontrar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdiccional.
C5	Coñecer e saber aplicar os dereitos e deberes deontolóxicos profesionais nas relacións do avogado co cliente, as outras partes, o tribunal ou autoridade pública e entre avogados.
C8	Saber identificar os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
C13	Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
C14	Saber desenvolver traballos profesionais en equipos específicos e interdisciplinares.
D2	Capacidade de xestión da información.

Resultados de aprendizaxe

Capacidade de argumentar xuridicamente. Capacidade de identificar problemas xurídico-penais e abordar a súa solución de xeito multidisciplinar. Capacidade de interpretar críticamente a normativa penal e procesal penal. Capacidade de manexar a oratoria do proceso penal e redactar documentos propios do proceso penal.	A2 A3 A4 B2 B3 B5 C2 C3 C4 C5 C8 C10 C13 C14 D2
--	---

Contidos

Tema	
BLOQUE I	DEREITO PENAL SUSTANTIVO
Tema I. TIPOS DE INFRACCIÓNS PENAIS	Delitos graves, menos graves e leves. Dolo e imprudencia
Tema II. AS CONSECUCIÓNS XURÍDICAS DO DELITO	As penas e as medidas de seguridade. A súa aplicación.
Tema III. OS SUSTITUTIVOS PENAIS: ALTERNATIVAS AO INGRESO EN PRISIÓN.	A suspensión da execución de penas privativas de liberdade
Tema IV. A RESPONSABILIDADE PENAL DAS PERSOAS XURÍDICAS	Consideracións previas. Criterios de atribución. As consecuencias xurídicas.
BLOQUE II	DEREITO PROCESUAL PENAL
Tema V. ESTRUCTURA DO PROCESO PENAL E OS SEUS PRINCIPIOS INFORMADORES.	1. Principios constitucionais de dereito penal e proceso penal. Especial referencia á presunción de inocencia e principio acusatorio. 2. Estructura do proceso penal. Fases do proceso e as súas características. 3. Tipos de procedementos penais: ordinarios e especiais. A súa determinación.
Tema VI. OS SUXEITOS E O OBXECTO DO PROCESO PENAL.	1. O órgano xurisdiccional. A competencia no proceso penal. 1.1. Criterios de determinación da competencia (obxectiva, funcional e territorial). A conexión. 1.2. Tratamento procesal da competencia. 2. As partes no proceso penal. 2.1. As partes acusadoras no proceso penal. 2.2. As partes acusadas no proceso penal. 2.3. O actor civil. 2.4. O responsable civil. 2.5. A intervención do avogado no proceso penal. O avogado como representante. 2.6. Actos de comunicación. 3. O obxecto do proceso penal. Pretensión penal e pretensión civil.
Tema VII. A INCOACIÓNS DO PROCESO PENAL. FORMAS DE INCOACIÓNS DO PROCESO PENAL.	1. Denuncia. 2. Querrela. 3. Atestado policial. 4. Incoación de oficio.
Tema VIII. FASE DE INSTRUCCIÓN.	1. A instrucción preliminar da Policía Xudicial e do Ministerio Fiscal. Intervención do avogado. 2. A instrucción xudicial. Sumario. Dilixencias previas. Dilixencias urxentes. 3. As dilixencias de investigación. 3.1. Recoñecemento e identificación do imputado. a) Recoñecemento en roda, fotográfico, dactiloscópico e por marcadores de ADN. b) Determinación das circunstancias personais do imputado. 3.2. Dilixencias sobre o corpo do delito. Autopsia. Recollida e conservación do instrumento e efectos do delito. 3.3. Inspección ocular. 3.4. Inspeccións corporais. 3.5. Declaración do imputado. 3.6. Declaracións testificais. 3.7. O careo. 3.8. A pericia na instrucción. 3.9. Confidentes policiais. 3.10. Análises alcoholimétricos. 3.11. Videovixiancia. 4. Dilixencias de investigación reservadas ao Xuíz instructor. 4.1. Intervención das comunicacións personais. 4.2. Entrada e rexistro en lugar pechado. 4.3. Intervencións corporais. 4.4. Axentes encubiertos. 4.5. Circulación e entrega vixiada de drogas.

Tema IX. AS MEDIDAS CAUTELARES.

1. Medidas cautelares personais. 1.1. A detención. a) Dereitos do detido. b) Asistencia ao detido. b.1. Asistencia nas dependencias dos corpos de seguridade. Art. 520.6 a) y b). b.2. Asistencia en dependencias xudiciais. b.3. Comparecencia do art. 523. c) Habeas corpus. 1.2. A prisión provisional. 1.3. A liberdade provisional. 1.4. Outras medidas cautelares personais. 2. Medidas cautelares reais. 2.1. Medidas cautelares tendentes á conservación dos efectos e instrumentos do delito. 2.2. Medidas cautelares tendentes ao aseguramento das responsabilidades pecuniarias. A fianza e os embargos. 3. Medidas de protección da vítima. Especial referencia á orde de protección.

Tema X. A PROBA NO PROCESO PENAL.

1. A proba no xuízo oral e os seus principios informadores. 2. A proba anticipada e preconstituída. 3. Medios de proba no proceso penal. Especial referencia á proba indiciaria. 4. Proba prohibida e proba ilícita. 5. Valoración da proba. Presunción de inocencia e principio in dubio pro reo.

Tema XI. A SENTENZA E OS SEUS EFECTOS NO PROCESO PENAL.

1. A sentenza: cousa xulgada. Firmeza. 2. Sentenza condenatoria. 3. Sentenza absolutoria e os seus efectos. 4. Indulto. 5. Responsabilidade civil.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	46	100	146
Probas de tipo test	1	0	1
Estudo de casos/análise de situacións	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Actividades presenciais de carácter teórico e/ou práctico sobre os contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Atenderase ao alumnado en horario de titorías
Probas	Descrición
Probas de tipo test	Atenderase ao alumnado en horario de titorías
Estudo de casos/análise de situacións	Atenderase ao alumnado en horario de titorías

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminarios	Asistencia ás sesións presenciais de carácter teórico e/ou práctico sobre os contidos da materia.	20	A2 A3 A4	B2 B3 B5	C2 C3 C4 C5 C8 C10 C13 C14	D2
Probas de tipo test	Probas de tipo test	30	A2 A3 A4	B2 B3 B5	C2 C3 C4 C5 C8 C10 C13 C14	D2

Estudo de casos/análise de situacións	Actividade na que se formulan casos prácticos e/ou problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O/a alumno/a debe desenvolver as solucións adecuadas.	50	A2 A3 A4	B2 B3 B5	C2 C3 C4 C5 C8 C10 C13 C14	D2
---------------------------------------	--	----	----------------	----------------	---	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira oportunidade (xaneiro 2017)

O/a estudante debe elixir entre un sistema de avaliación continua ou a realización dun exame final.

a) Avaliación continua

Para poder optar polo sistema de avaliación continua, o/a estudante deberá asistir, polo menos, a un 80% das clases. O sistema de avaliación continua consistirá en:

1. A asistencia e participación activa nas clases presenciais, que representa o 20% da cualificación final.
2. Realización dun exame, que representa o 80% da cualificación final.

O exame constará de dúas partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico, consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 50% da cualificación final.

A data e hora do exame da primeira oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2016/2017.

b) Exame final.

O/a estudante que non se someta ao sistema de avaliación continua ou que quede excluído do mesmo realizará un exame. Este exame representa o 100% da calificación da materia.

O exame constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 50% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición de competencias da materia, nas mesmas condicións que o/a estudante que se acolleu ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 20% da cualificación final.

A data e hora do exame da primeira oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2016/2017.

2. Segunda oportunidade (Xullo 2017)

A. O/a estudante que se someteu a avaliación continua conservará a nota que obtivo no mesmo. En estos casos, o exame representa o 80% da cualificación final.

O exame final constará de dúas partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico, consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 50% da cualificación final.

B. O/a estudante que non se someteu ao sistema de avaliación continua ou que quedou excluído do mesmo realizará un exame. Este exame representa o 100% da cualificación da materia.

O exame constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 30% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 50% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición de competencias da materia, nas mesmas condicións que o/a estudante que se acolleu ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 20% da cualificación final.

A data e hora do exame da segunda oportunidade serán as previstas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2016/2017.

Bibliografía. Fontes de información

A bibliografía específica será indicada polos/as profesores/as que imparten a materia durante o desenvolvemento da docencia.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Práctica Penal II/O03M110V01202